

Nome:


curso

## A IDADE MODERNA

### A IDADE MODERNA. O ANTIGO RÉXIME

#### INTRODUCCIÓN.

Durante o s. XV, trala crise da Baixa Idade Media (patente en elementos como a Peste Negra do s. XIV e as súas terribles consecuencias para a poboación), tivo lugar en Europa unha serie de feitos que, segundo algunha xente da época, representaban claros síntomas do proceso de lenta transformación que se estaba producindo en Europa. Aparentemente, feitos tan dispares como o “descubrimiento” do continente americano ou a recuperación do legado cultural grecorromano pouco podían relacionarse entre si, e menos aínda, ser considerados como as causas únicas e directas do fin da Idade Media. Pero, no seu conxunto, estes feitos históricos preséntannos o paulatino ocaso da nobreza e o crecente ascenso da burguesía.



Neste novo contexto os cartos serán un instrumento de promoción para o burgués, unha ferramenta para dominar e vencer en mans dos reis, e un elemento fundamental para os intercambios comerciais da maioría dos europeos.

Estes e outros cambios anuncian o chamado **mundo moderno**, un lento proceso de transición entre o feudalismo medieval e o capitalismo contemporáneo, que ten lugar en Europa entre os séculos XVI ao XVIII. Durante este período coexistirán no continente formas vellas con formas novas. Así, o taller gremial resiste fronte á moderna manufactura, a agricultura tradicional fronte ao incipiente capitalismo comercial, o absolutismo dos monarcas fronte ao parlamentarismo, a rixidez católica fronte ao racionalismo dos pensadores e dos científicos. Paralelamente a esta tensión ten lugar a consolidación da burguesía como dirixente das actividades económicas pero marxinao do poder político, polo que, a partir do s. XVIII realizará dous importantes procesos de transformación:

- Un de carácter económico, a **Revolución industrial**

· Outro de carácter socio – político, as **revolucións liberais** ou **burguesas** en Estados Unidos (1776) , Francia (1789) e diversos países de Europa occidental no s. XIX.


Ámbolos dous procesos permitirán á burguesía ocupar o Estado e consolidar definitivamente o capitalismo, o que suporá o final do mundo feudal.

## AS GRANDES TRANSFORMACIÓNS DO S. XVI

Ao longo do s. XVI Europa experimentou unha serie de grandes transformacións que modificaron notablemente as súas fronteiras, o seu coñecemento do mundo e as súas crenzas relixiosas. Estes acontecementos foron, entre outros, os descubrimentos xeográficos, os avances da ciencia moderna e os conflitos relixiosos que orixinaron a Reforma protestante.

### OS DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS

Os habitantes da Europa medieval viviran durante séculos coa idea de que a Terra era unha superficie plana, de dimensións reducidas, que ocupaba o centro do Universo, pero a partires do s. XV varios feitos viñeron a desmontar esta postura errónea e a amosar unha imaxe da Terra máis próxima á realidade.



Os protagonistas destes cambios foron os viaxeiros e aventureiros casteláns e portugueses, que, obsesionados por chegar ás terras ricas en especias, buscaban a ruta cara a India por camiños diferentes: cara o Oeste os casteláns e bordeando a costa africana os portugueses, co obxectivo ambos de evitar a presenza hostil dos turcos no Mediterráneo oriental, lugar tradicional para os intercambios Oriente – Occidente.

Entre as causas que explican a ansia dos mariños por buscar novas rutas por itinerarios descoñecidos podemos sinalar dous factores:

- A busca de materias primas, produtos de luxo e metais preciosos para unha economía en alza tras superar a crise da Baixa Idade Media.
- A renovación científica e técnica que aportaron maior seguridade á navegación oceánica, coa introdución de instrumentos como o astrolabio ou a brúxula, e de embarcacións como a nao ou a carabela.

O resultado das viaxes sería o descubrimento de América polos casteláns en 1492, o recoñecemento da costa africana polos portugueses ao longo do s. XV e a súa chegada á India en 1498. Finalmente, entre 1519 e 1522, os mariños Fernando de Magalhães e Juan Sebastián Elcano, ao servizo da Coroa española, realizan a primeira volta ao mundo, confirmando así a

esfericidade do planeta. As consecuencias destes descubrimentos cambiarían a vida de millóns de persoas, e podémolas sintetizar no seguinte cadro:

|              | PARA EUROPA                                                                                                                                                                                                                                         | PARA AMÉRICA                                                                                                                                                                                                                              |
|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ✓ ECONÓMICAS | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Chegada masiva de ouro e prata.</li> <li>· Descubrimento de novos produtos: millo, pataca, tomate, tabaco.</li> <li>· Desenvolvemento do comercio atlántico.</li> <li>· Impulso ao capitalismo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Explotación e saqueo dos seus recursos naturais.</li> <li>· Implantación de novos cultivos: caña de azucre, algodón, café...</li> <li>· Transformación das economías de subsistencia.</li> </ul> |
| ✓ SOCIAIS    | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Progreso da burguesía comercial.</li> <li>· Emigración cara América.</li> </ul>                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Ruptura do modelo tribal.</li> <li>· Introducción de escravos negros.</li> <li>· Crise demográfica da poboación autóctona.</li> <li>· Mestizaxe de razas.</li> </ul>                             |
| ✓ POLÍTICAS  | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Creación de grandes Imperios coloniais.</li> <li>· Rivalidade colonial.</li> </ul>                                                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Perda da independencia.</li> <li>· Dependencia respecto a Europa.</li> </ul>                                                                                                                     |
| ✓ CULTURAIS  | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecemento máis completo do mundo.</li> <li>· Extensión do modelo cultural europeo</li> </ul>                                                                                                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>· Perda da identidade cultural e europeización da cultura: lingua, relixión, alimentación...</li> </ul>                                                                                            |

### AS CRISES RELIXIOSAS.

A Igrexa católica mantiverase ao longo da Idade Media nunha posición hexemónica fronte a calquera outra disidencia ou opinión contraria aos seus dogmas. Ao ser considerada como unha institución intermediaria entre Deus e a Humanidade, convertiuse nun poderoso estamento privilexiado, propietario de grandes fortunas, respectado e temido á vez.

Esta posición será criticada a partires do s. XV pola minoría intelectual dos **humanistas**, quenes, axudados polo redescubrimento ou Renacemento dos autores gregos e romanos, interpretaban a doutrina cristiá desde unha perspectiva máis racional e libre. Esta postura, que non buscaba a ruptura con Roma, estaba representada en figuras como **Erasmus de Rotterdam**.

Neste contexto, en 1517 un frade agustino alemán, **Lutero**, publica as 95 *Teses*, onde discute a postura do papado ante cuestións como a venda de indulxencias e denuncia os excesos das xerarquías católicas, con isto iníciase a **Reforma protestante**. Trece anos máis

· As críticas dos humanistas á Igrexa católica prepararon o terreo a Luterio ao denunciar o luxo e a corrupción do clero, a súa escasa preparación para o ministerio sagrado e o abuso das indulxencias para acaparar máis riquezas.

O éxito da Reforma luterana tamén descansa na sinxeleza da súa mensaxe, que pode sintetizarse en tres ideas básicas:

- Todo cristián é sacerdote, polo que a verdadeira Igrexa está dentro de cada persoa.
- A Biblia é a única obra autorizada para o crente e calquer cristián é libre de interpretala como lle dicte a súa conciencia.

As medidas adoptadas pola Contrarreforma foron as seguintes:

· A Igreja tem o direito de interpretar a Bíblia mediante os seus ministros.

· A xustificación pola fe non é suficiente, sendo necesarias as boas obras.

- Os sacerdotes estudiarán en seminarios para mellorar a súa formación.

Dentro da Contrarreforma hai que sinalar a fundación en 1534 da Compañía de Xesús por Ignacio de Loyola, que tiña como obxectivo fundamental a conversión de herexes e paganos. Os xesuítas destacarán por ser unha élite de clérigos moi ben formados intelectualmente que só recoñecerán a autoridade do papa e que se converterán nun dos grupos máis influentes dentro do catolicismo.

## **HUMANISMO E CIENCIA MODERNA.**

A finais do s. XIV xurdiu nas cidades italianas un movemento intelectual centrado na revalorización da antigüidade clásica en todos os seus aspectos: artístico, histórico, filosófico e científico. Con isto pretendíase revisar as bases intelectuais do mundo medieval, baseadas nos dogmas cristiáns e na superioridade da autoridade sobre a experiencia.

Este movemento, o **Renacemento**, incia unha etapa máis creativa e innovadora, caracterizada, entre outros aspectos, por:

- Un cambio de mentalidade, coa afirmación do individualismo de tipo burgués, máis práctico e material.
- Un novo concepto de home, o **Humanismo**, onde o ser humano é considerado como o protagonista da Historia, dono das súas forzas e capaz de intervir no seu destino.
- Unha maior valoración da ciencia, considerada como unha característica básica do progreso humano e expresión da razón creadora.

A partir destas premisas, os científicos dos s. XVI e XVII realizan unha auténtica revolución, xa que establecen un novo método científico que rompe coa tradición medieval e que abre as portas ao desenvolvemento científico e tecnolóxico do mundo contemporáneo. Os tres pasos básicos do método científico que estableceron son:

- Observación empírica dos feitos.
- Explicación hipotética dos fenómenos observados.
- Comprobación final das hipóteses planteadas para proceder a elaborar unha lei explicativa de carácter universal.

### **ACTIVIDADES**

- 1.- ¿Supuxo a Idade Moderna o final do feudalismo? ¿Por que?
  
- 2.- Busca nunha enciclopedia o Tratado de Tordesillas e indica que importancia tivo para os descubrimentos do século XVI.
  
- 3.- ¿Que dous factores explican a ansia pola exploración xeográfica no s XVI? ¿Cal foi o resultado destas exploracións?
  
- 4.- Busca no dicionario o significado de colonia e de metrópole, observa o cadro da páxina 3 e indica quen saíu máis beneficiado do descubrimento.
  
- 5.- ¿Quen encabezou a reforma protestante? ¿Por que territorios se expandiu? Indica tres factores que expliquen o seu éxito
  
- 6.- ¿Que cambios introduce o Renacemento? ¿Por que se pode falar de revolución científica nos séculos XVI e XVII?

## EUROPA NOS SÉCULOS XVII E XVIII: O ANTIGO RÉXIME

Xunto coas transformacións que tiveron lugar en Europa nos séculos XVI e XVII, que apuntaban cara unha sociedade máis moderna e libre, as estruturas da vella Europa persistían case sen modificacións, formando o que, máis tarde, os revolucionarios franceses chamarían **Antigo Réxime**. Con este concepto designarían a etapa anterior a 1789, caracterizada por unha sociedade de carácter estamental, unha economía de base fundamentalmente agraria e unha política na que predominaba a monarquía absoluta como forma de goberno.

### A SOCIEDADE ESTAMENTAL

Desde a Idade Media, a sociedade europea atopábase dividida en tres grandes categorías ou **estamentos**, grupos pechados con deberes e dereitos diferentes, baseados nunha desigualdade ratificada pola lei. Na orixe desta desigualdade estaba a idea de que cada grupo social desempeña funcións diferentes: a **nobreza** defende a sociedade cristiá, o **clero** encárgase das almas dos crentes e o **resto do pobo** traballa para soste todo o entramado social. Polas súas funcións, a nobreza e o clero forman as clases privilexiadas, mentres que o resto do pobo, o denominado Terceiro Estado, composto de campesiños e burgueses, non posúe ningún dereito específico.

- Os privilexiados:

- **A nobreza:** A nobreza é un grupo social pechado ao que se pertence por herdanza familiar (nacemento) ou por concesión real. Os seus compoñentes vivían das rendas que lles proporcionaban as súas terras, propiedades e cargos públicos. Levaban unha vida cómoda adicada á política e ás actividades militares, sen desenvolver ningún tipo de negocio, xa que o traballo era considerado por este grupo coma unha actividade deshonorosa. Aínda que podemos sinalar diferenzas entre a alta e a baixa nobreza en función dos seus títulos e fortunas, en conxunto disfrutaban dos mesmos privilexios:

- Están exentos do pago de impostos.
- Posúen leis e tribunais especiais para o seu estamento.
- Ocupan os principais cargos políticos, militares e eclesiásticos.
- Teñen dereitos señoriais por herdanza, con capacidade para gobernar, administrar xustiza e cobrar impostos na súa terra.

- **O clero:** O clero é o único grupo aberto, xa que teoricamente non se pode herdar a función eclesiástica (na práctica houbo moitas excepcións, sobre todo nos altos cargos). Sen embargo, en función da procedencia social e das súas funcións, advírtese unha diferenza entre alto e baixo clero, aínda que todos posúen os mesmos privilexios.

O clero vive das limosnas, as rendas das súas terras e propiedades e, sobre todo, do **décimo**, unha taxa do 10% que gravaba a produción dos campesiños. Todo isto fixo que o clero se convertise en un poderoso grupo social que unía ao seu control ideolóxico e cultural un amplo poder económico.

- Os non privilexiados:

· O **pobo** ou **Terceiro Estado**: A maioría da poboación estaba integrada neste grupo, que permanece nunha situación de grande desigualdade respecto á nobreza e ao clero. Non posúen dereitos e deben satisfacer múltiples deberes. Dentro del podemos sinalar diferentes subgrupos:

· O **campesiñado**: o sector máis numeroso, analfabeto e sumido na pobreza (salvo escasas excepcións); estaban suxeitos a servidume dos señores feudais, fosen estes laicos ou eclesiásticos.

· O **artesanado urbano**: formado polos traballadores dos obradoiros das cidades.

· A **burguesía**: propietaria dos obradoiros artesanais, e as empresas mercantís. Constitúen un grupo culto e con cartos, que, ao non posuír ningún privilexio, rematarán por rebelarse contra o sistema.

· As **minorías sociais**: xitanos, escravos, mendigos...

## AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

- **A agricultura**:

A agricultura era o principal sector económico e ocupaba a maior parte da poboación europea do Antigo Réxime. Sen embargo, era unha agricultura moi atrasada, con técnicas moi rudimentarias, e insuficiente para alimentar a poboación, o que provocaba a aparición de frecuentes e periódicas fames e enfermidades.

Os apeiros agrícolas eran anticuados, o uso de abonos era escaso e a maior parte do traballo descansaba no esforzo de xornaleiros, campesiños sen terras que formaban un conxunto de man de obra abundante e barata. Por outro lado, o sistema de sementeira empregado nos campos seguí a manter o barbeito, co que a produtividade era moi baixa, e os excedentes escasos.

- **A artesanía**:


A artesanía continuou desenvolvéndose coma nos séculos anteriores. Ademais dos produtos artesanais que realizaban os campesiños, os pequenos obradoiros das cidades elaboraban cunha tecnoloxía atrasada as mercadorías que demandaba a sociedade. Os xastres, alfareiros, carpinteiros, zapateiros e os resto dos artesáns agrupábanse en **gremios**,

asociacións de carácter corporativo que evitaban a competencia e defendían o seu negocio controlando as condicións de traballo e venda das mercadorías. Como controlaban o mercado, os gremios non estimularon a busca de novas técnicas que fixesen as súas actividades máis productivas e rendibles, co que a produción acostumaba a ser escasa e cara.

#### - O comercio:

O sector comercial encargouse de distribuír os escasos excedentes agrícolas e artesanais polas cidades e rexións europeas. O comercio local e rexional continuou desenvolvéndose nos mercados urbanos e nas feiras, onde acudían as caravanas de mercadores para comprar e vender todo tipo de mercadorías. Os camiños do interior de Europa eran malos e insuficientes, co que o comercio por estas rutas baseábase nas bestas de carga, o que supoñía unha capacidade de transporte reducida que encarecía o produto.

Por outra banda, este sector económico, liderado pola burguesía, ao non estar controlado polos gremios, experimentou numerosas e importantes transformacións e avances, introducíndose formas capitalistas, como as compañías comerciais. Estas especializáronse no comercio marítimo intercontinental de materias primas, escravos e produtos manufacturados, co que obtiñan grandes beneficios que permitiron á burguesía acumular o capital necesario para as súas inversións en futuros negocios. Xunto con isto, hai que destacar a creación dun comercio



intercontinental no que participaban Europa, América e África, que pode ser definido como **triangular** xa que os comerciantes europeos levaban escravos africanos a América, de onde obtiñan as materias primas que logo convertían en produtos elaborados en Europa, para vendelos posteriormente nestes tres continentes.

#### O AFIANZAMENTO DO PODER REAL.

A loita polo poder político que enfrontara á burguesía, a nobreza e os reis a finais da Idade Media finalizou na maior parte de Europa coa consolidación do poder real, que dará paso aos chamados **Estados modernos**. Para conseguir este triunfo, os monarcas tiveron que apoiarse nalgunha das outras forzas implicadas, nobres e burgueses e, en ocasións, tiveron que enfrontarse a ambos.

A **monarquía absoluta** acadou as súas maiores expresións nos reinos de Francia e España ao longo do s. XVII, construíndo un Estado cunhas características que podemos sintetizar do seguinte xeito:

- O monarca concentra na súa persoa todos os poderes: executivo (o goberno), legislativo (redacción das leis) e xudicial (administración de xustiza).
- Un exército permanente e profesional, que non depende da nobreza feudal, senón do propio monarca, que paga aos soldados cos impostos do reino.
- Un goberno centralizado, instalado na capital do reino, e formado por organismos e consellos especializados, que só responden ante o rei e que se completan cunha rede de funcionarios que se encargan de representar o poder monárquico nas distintas partes do reino.
- O apoio da alta nobreza e da alta burguesía, a cambio de cargos públicos os primeiros e de monopolios e privilexios comerciais os últimos.
- Obediencia da Igrexa ante o rei, o cal chega nalgúns casos a nomear bispos.
- Eliminación de calquera obstáculo ao poder da monarquía e reforzo dos organismos que controlaban a poboación, como o Tribunal da Inquisición.

Ademais, na Idade Moderna desenvólvense unha serie de **argumentos teóricos** para xustificar o absolutismo, entre os que podemos destacar:

- A obra do s. XVI do italiano **Maquiavelo**, *O Príncipe*, no que xustificaba o afianzamento do poder sen ter en contas xuízos morais (se era bo ou malo).
- A opinión do s. XVII do francés **Bossuet**, quen sinala que o poder monárquico e de orixe divina, e por tanto o monarca só debe dar conta dos seus actos ante Deus.

## **A PRIMEIRA REACCIÓN CONTRA ABSOLUTISMO: O PARLAMENTARISMO INGLÉS**

Inglaterra convertiuse no primeiro país onde o rixido sistema social e político do Antigo Réxime entrou en crise, cando no s. XVII a ascendente burguesía conseguiu impoñer os seus postulados políticos e implantar un novo modelo de monarquía máis acorde cos seus intereses: a **monarquía parlamentaria**.

Este proceso tivo lugar no transcurso dunha Revolución que enfrontou durante máis de corenta anos (1640 - 1689) aos defensores da monarquía absoluta (a nobreza, a Igrexa anglicana e a alta burguesía mercantil) cos partidarios dun poder real limitado pola Asemblea representativa do reino ou Parlamento (a pequena burguesía e os propietarios agrícolas). A guerra civil entre uns e outros supuxo o desexo da burguesía de participar nas cuestións políticas, e non soamente no pago de impostos. Pero, ao mesmo tempo, a revolución abriu o camiño para que se escoitasen as reivindicacións dos sectores sociais inferiores, máis radicais,

e con iso se ameazasen os intereses de absolutistas e parlamentaristas moderados, quen propiciaron un acordo definitivo en 1689, que se plasmaría na **Declaración de Dereitos**:

- A implantación da primeira **monarquía parlamentaria**.
- O establecemento da **superioridade da Lei**, como expresión da vontade da nación representada no Parlamento, por riba da vontade do rei.
- A **separación dos tres poderes**: executivo (rei), lexislativo (Parlamento) e xudicial (xuíces), para evitar a concentración do poder nunha soa persoa e, polo tanto, o absolutismo.
- O triunfo da idea do **pacto político** entre os homes para salvagardar a propiedade e os dereitos individuais.

#### ACTIVIDADES

1.- Define estamento e indica cales compoñían a estrutura social do Antigo Réxime. ¿En cal estaba encadrado a maior parte da poboación?

2.- ¿Cal era a actividade económica principal no Antigo Réxime? ¿Cales eran as súas características?

3.- Define gremios e comercio triangular.

4.- ¿Cal foi a forma política dominante na Europa do Antigo Réxime? Indica dous dos seus rasgos. Busca en que consistía o Tribunal da inquisición e anótalo en poucas liñas.

5.- ¿Cal foi a importancia de Maquiavelo e Bossuet na política do Antigo Réxime?

## O IMPERIO HISPÁNICO

### O ESPLENDOR IMPERIAL DOS AUSTRIAS MAIORES

A construción do Imperio español comezou co reinado dos Reis Católicos, Isabel de Castela e Fernando de Aragón (1475 - 1516). A súa obra política marcou o final da Idade Media na zona hispánica ao dar os primeiros pasos para a construción dun Estado moderno na Península Ibérica mediante:

- A unión persoal das Coroas de Castela e Aragón (aínda que mantiveron unha certa autonomía administrativa) e a organización dunha complexa burocracia encargada do control centralizado do Estado.
- A conquista e anexión de Granada, último reino islámico peninsular, e do reino de Navarra, tradicional aliado de Francia.
- Unha política matrimonial encamiñada a illar ao inimigo francés e a ampliar a herdanza territorial.
- Unha política de intolerancia relixiosa (expulsión dos xudeus en 1492) dirixida a eliminar calquera disidencia político – relixiosa.
- O apoio a unha política expansionista no Atlántico, que tería como froitos máis relevantes a conquista das illas Canarias e o descubrimento de América por Colón en 1492.

**Carlos I**, neto dos Reis Católicos, é o creador do amplo imperio español ao reunir unha fabulosa herdanza territorial, que o convertiu no soberano máis poderoso de Europa tras ser coroado tamén emperador de Alemaña como Carlos V. Sen embargo, o seu reinado (1516 - 1556) estivo ategado de conflitos:

- No interior de España a falta de respecto do novo monarca ás institucións existentes (ás que acostumaba asistir só para solicitar impostos que costeasen a súa política imperial)



supúxolle a oposición de certos sectores da baixa nobreza e da burguesía de Castela, dando orixe ao levantamento dos *Comuneros*. Esta sublevación foi duramente reprimida, igual que a rebelión da *Xermanías* en Valencia, de marcado carácter social.

- No exterior a súa política orientouse a buscar o illamento político de Francia e a consolidar a súa hexemonía imperial sobre Europa, pero os seus obxectivos chocaron co avance turco no Mediterráneo e Europa oriental e, sobre todo, coa descomposición política e social que orixinou a Reforma luterana en Centroeuropa.

Carlos I foi sucedido no trono hispánico por **Felipe II**, que non herdou de seu pai o título imperial, se ben mantivo a vocación hexemónica do seu predecesor, a pesares de numerosos inimigos e conflitos:

- A represión do protestantismo en España (1556 - 1559): Felipe II compartía con seu pai a obsesión por preservar a unidade relixiosa dos seus reinos, co obxectivo de evitar as guerras civís que a Reforma provocara en Alemaña. Por iso, nestas datas tiveron lugar diversos procesos inquisitoriais contra os focos do luteranismo na Península (Valladolid, Toledo, Sevilla), que remataron coa queima de herexes, xunto con medidas como a prohibición dos estudos nas universidades protestantes europeas e a realización dun índice de libros prohibidos.

- O perigo turco: O imperio turco otomano estendía cada vez máis o seu poder desde o Mediterráneo oriental, atacando as costas peninsulares e ameazando a navegación comercial. Ao mesmo tempo, a súa presenza supoñía unha ameaza pola axuda que prestaba á minoría morisca dos reinos de Castela e Aragón. En 1571, unha flota española, veneciana e do Papado derrotaba aos turcos na batalla de Lepanto, tras este feito asinaríase unha tregua definitiva en 1580, co que quedaba establecido un equilibrio de poderes no Mediterráneo.

- A independencia dos Países Baixos (1566 - 1648): Os territorios dos Países Baixos formaban parte da herdanza recibida por Carlos I dos seus avós paternos, pero a forte carga fiscal que soportaban os seus habitantes, unida á represión que sufrían a causa das súas crenzas protestantes, enfrontaron nunha larga e cruel guerra



aos partidarios da independencia coas tropas españolas. A guerra prolongárase moito no

tempo e ademais acadaría dimensións internacionais coa participación das potencias europeas a favor dun bando ou doutro. Rematou en 1648 coa *Paz de Westfalia* e a división dos Países Baixos, recoñecendo a independencia da Holanda protestante.

- A rivalidade con Inglaterra (1585 - 1588): Inglaterra supoñía un perigo para a monarquía hispana a causa do apoio da súa raíña Isabel I aos rebeldes protestantes holandeses e aos piratas que saqueaban as cidades e as naves americanas. Para solucionar este asunto, Felipe II concebiu o proxecto de invadir Inglaterra e restaurar o catolicismo na illa, para o que organizou en 1588 a chamada *Armada Invencible*, que foi un rotundo fracaso.

## A DECADENCIA DO IMPERIO: OS AUSTRIAS MENORES

O s. XVII comezou en España co reinado de **Felipe III** (1598 - 1621), quen cedeu as responsabilidades directas do goberno a un **valido**, xeralmente un membro da alta nobreza. Esta práctica sería continuada polos seus sucesores e está na orixe da decadencia da hexemonía hispánica, para a que podemos citar, ademais, outra serie de causas:

- O descenso demográfico provocado polas continuas guerras no exterior, a sucesión de diversas epidemias, a constante emigración aos territorios americanos, etc...

- O esgotamento financeiro causado pola grande duración das guerras e por unha Corte incompetente que non sabe administrar con eficacia as riquezas procedentes de América, creándose unha situación de despilfarro e corrupción que contrasta co empobrecemento da sociedade española.

- O mantemento dunha custosa política de defensa do catolicismo e das posesións españolas en Europa, que provocou unha serie de derrotas militares ao longo do s. XVII que irán minguando a hexemonía española.

O seguinte monarca, **Felipe IV** (1621 - 1665) non puido frear o deterioro de España a pesares dos intentos do seu valido, o Conde – Duque de Olivares, quen tratou de unificar os recursos da Coroa mediante o desenvolvemento dunha política centralista que despertou diversas protestas en áreas como Cataluña e Portugal, que retornaría á independencia definitiva en 1640.

O seu herdeiro, **Carlos II** (1665 - 1700) desenvolveu unha



política que estivo condicionada pola perda da hexemonía hispánica, ratificada xa na *Paz de Westfalia* (1648) e pola superioridade en Europa do monarca francés Luís XIV. Sen embargo, a diminución dos conflitos no exterior permitiu tomar medidas para saír da crise interna, que comezara a remitir a finais do seu reinado. Novos problemas xurdirán debido a que o monarca non ten herdeiros directos, o que desembocará na **Guerra de Sucesión** (1700 - 1713), que se saldará con perdas territoriais e a chegada ao trono dunha nova dinastía, francesa, os Borbóns.

## O REFORMISMO BORBÓNICO

O *Tratado de Utrecht* (1713) puxo punto e final ao conflito sucesorio, e o trono pasou a unha dinastía francesa, os Borbóns, a cambio de concesións comerciais e territoriais, como o paso de Xibraltar a mans dos ingleses.

A instalación dos Borbóns con **Felipe V** (1700 - 1746) supuxo importantes transformacións. Por unha banda, os territorios da Coroa de Aragón, que apoiaran á candidatura dos Austrias durante a guerra, perderon a súa autonomía política cos *Decretos de Nova Planta*, que deixaban patente a vontade centralizadora da nova dinastía. Por outra banda, con monarcas como **Fernando VI** (1746 - 1759) e **Carlos III** (1759 - 1788) puxéronse en marcha unha serie de reformas inspiradas no Despotismo ilustrado, vixente en Europa, que pretendía modernizar as estruturas do país, aínda que sen modificar os privilexios dos grupos dominantes nin o poder absoluto dos monarcas. Houbo así reformas no campo do ensino, agricultura, comercio, industria, comunicacións... e todos estes cambios permitiron unha certa recuperación con respecto á crise da centuria anterior, e superar ademais a barreira dos 11 millóns de habitantes antes de rematar o s. XVIII.

## A SOCIEDADE ESPAÑOLA DO ANTIGO RÉXIME (s. XVI - XVIII)

A sociedade española caracterizouse durante a Idade Moderna polo seu marcado carácter estamental. Nela os grupos privilexiados, nobreza e clero, posuían a maior parte das terras e ocupaban os postos dirixentes da Corte, constituíndo un poderoso grupo social, oposto a calquera reforma que puxese en perigo os seus privilexios. A alta nobreza mantívose preto da Corte, onde mantiña luxosos pazos e atendía a súa función principal: a dirección do exército e a participación nos Consellos Reais.

Pola súa parte, a pequena nobreza viu mermados os seus recursos económicos, polo que moitos deles engrosaron as filas da Administración do Estado, ou ben emigraron cara o continente americano para buscar fama e fortuna.

A Igrexa mantivo a súa forte influencia na vida do país, constituíndose en defensora da pureza da fe católica mediante o Tribunal da Santa Inquisición, que impediu a proliferación de doutrinas reformistas no país. Ao mesmo tempo España pechaba as súas portas a influencias

estranxeiras. Gran parte da poboación atopou na Igrexa unha solución á fame e ás escasas oportunidades de ascenso social, por iso moitas persoas engrosaron as filas de mosteiros e conventos.

A grande masa da poboación, que oscilaba entre oito e nove millóns de habitantes, vivía no campo, traballando as terras dos nobres e da Igrexa nunhas duras condicións. As súas vivendas eran pequenas e mal ventiladas, e as familias campesiñas caracterizábanse pola súa miseria, analfabetismo e por estar sometida aos abusos dos señores das terras. As epidemias, principalmente a peste, afectaron tanto ao campo como, maiormente, á cidade, onde a poboación aglomerábase en barrios estreitos e sen as mínimas condicións de hixiene. Como resultado, a esperanza de vida non superaba os 50 anos e a taxa de mortalidade era elevada.

A burguesía constituía un sector social de escasa importancia, adicado ao mundo dos negocios, a dirección dos talleres artesanais e a vida política nas cidades, aínda que a maior parte procuraba ennobrecerse e abandoaba a xestión empresarial, fenómeno coñecido por algúns historiadores como a “traición da burguesía.”

Por último, outro dos rasgos característicos era a permanencia de minorías étnicas, como conversos ou moriscos. Os xudeus foran expulsados en 1492, pero algunhas familias optaran pola conversión ao cristianismo, por iso acuñouse para definilos o concepto de “conversos” ou “cristiáns novos,” sospeitosos de continuar en segredo os ritos xudeus, e por iso obxecto de persecución por parte da Inquisición; mentres que, paralelamente, na sociedade desatábase unha obsesiva carreira para demostrar a pureza de sangue dos chamados “cristiáns vellos.”

Pola súa parte, a poboación musulmana perdeu o seu dereito a conservar a fe islámica e foi obrigada a bautizarse. Os seus membros eran coñecidos coma “moriscos.” Este grupo foi moi importante na Andalucía Oriental, onde protagonizou a rebelión das Alpuxarras en 1568, que causou máis de 60.000 vítimas, a súa dispersión pola Península e, finalmente, a súa expulsión en 1609 durante o reinado de Felipe III.

## ACTIVIDADES

1.- Define os seguintes conceptos:

Levantamento dos Comuneros:

Paz de Westfalia:

Armada Invencible:

Valido:

Tratado de Utrecht:


2.- Completa o seguinte cadro anotando o nome dos reis, a cronoloxía do seu reinado e un feito relevante nel.

|                              |     |  |
|------------------------------|-----|--|
| <b>DINASTÍA DOS AUSTRIAS</b> |     |  |
|                              |     |  |
|                              |     |  |
|                              |     |  |
|                              |     |  |
|                              |     |  |
| <b>DINASTÍA DOS BORBÓNS</b>  | (3) |  |
|                              |     |  |
|                              |     |  |
|                              |     |  |

3.- ¿Que lle sucedeu á pequena nobreza na sociedade española do Antigo Réxime? ¿Por que estaba causada a elevada mortalidade nesta época? ¿Que tiñan en común conversos e moriscos?

# A Idade Moderna

Encrucillado sobre a Idade Moderna



## Horizontales

2. Teórico político, autor da obra "El príncipe"
4. Nobre no que os Austrias menores delegaban as funcións de goberno
6. Produto agrario de orixe americana
9. Minoría relixiosa expulsada en 1492
11. Produto agrario levado a América polos europeos
14. Vitoria das tropas de Felipe II contra os turcos
15. Promotor da Reforma protestante

## Verticales

1. Un dos Reis Católicos
3. Un dos navegantes que completa a primeira volta ao mundo
5. Tribunal relixioso con grande poder na España do Antigo Réxime
6. Guerra trala morte de Carlos II
8. Potencia europea rival de Felipe II
10. Tratado do século XVIII que supón a instalación da dinastía borbónica en España
12. Primeiro monarca borbón
13. Potencia europea rival de Carlos I